

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	II21a1	II21a2	II21b	II21c	TOTAL
VAZQUEZ	CARBALLEIRA	MARIA CARMEN	33856106Z	10,88	0	6	8	24,88
VAZQUEZ	FERNANDEZ	MARIA LUISA	33855834H	6,16	2,32	2	6	16,48
VAZQUEZ	LAGO	MARIA BEGOÑA	32752842Z	10,88	0	8	6	24,88
VAZQUEZ	LOPEZ	DANIEL ANTONIO	33858949M	6,16	2,36	2	6	16,52
VAZQUEZ	LOPEZ	RAQUEL	34998009J	2,24	0	2	6	10,24
VAZQUEZ	RODRIGUEZ	SONIA	36100651N	2,24	0	2	6	10,24
VAZQUEZ	VARELA	BERTA MARIA	32446502B	10,88	0	2	6	18,88
VEIGA	DOU	MARIA	76992790Z	2,24	0	2	6	10,24
VEIGA	TEJUIRO	MANUELA	33312763T	2,24	0	2	6	10,24
VELOSO	CACHALDORA	JULIO JOSE	33861028Z	10,88	0	4	8	22,88
VICENTE	ALAVAREZ	CONSUELO	35557679R	10,88	0,36	2	6	19,24
VIDAL	SANTIAGO	ANA ISABEL	33285475J	9,76	0	6	8	23,76
VIEIRO	MALLOU	MARIA DEL PORTAL	33245144R	10,88	0	10	10	30,88
VIEYTES	MOLARES	ROSA MARIA	36061674C	10,8	0	2	6	18,8
VIGO	ALVAREZ	MARIA ESTHER	33859464Z	8,96	0	2	6	16,96
VILA	BACEIREDO	JOSE CARLOS	34984350Q	10,88	0,16	2	6	19,04
VILA	PEREZ	ELENA CARMEN	76713193M	10,88	0,32	6	8	25,2
VILLAVERDE	VARELA	FRANCISCO JAVIER	32781899E	4,24	3,28	2	6	15,52
VIQUEIRA	MATO	MARIA EMILIA	33273679Q	10,88	0,36	8	9	28,24
YAÑEZ	BURON	VERONICA	32772724R	6,16	0	2	6	14,16
YRAGO	PEREIRA	REGINA CARMELA	33196912T	10,96	7,92	8	9	35,88

(*) A suma das epígrafes II.2.1a1 e II.2.1a2 non pode superar os vinte (20) puntos.



I N F O R M A

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 28 de xullo de 2005 pola que se convoca a fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego da categoría de persoal técnico superior en psicoloxía.

A base décimo segunda da Orde do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño) pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde da categoría de persoal técnico superior en psicoloxía establece que, rematada a fase de selección, se iniciará a fase de provisión.

Rematada xa a fase de selección da categoría de persoal técnico superior en psicoloxía convocada pola orde antes citada, procede agora convocar a súa fase de provisión, polo que esta consellaría

DISPÓN:

Artigo 1º

Publicar a convocatoria da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego da categoría de persoal técnico superior en psicoloxía convocada pola Orde do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), así como aprobar as bases e o baremo de méritos que rexerán a convocatoria, contidos respectivamente nos anexos I e II desta orde.

Artigo 2º

1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan a Administración, os tribunais encargados de vulgar o proceso e os que participen nel.

2. Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Potestativamente, no prazo dun mes poderá interpoñerse recurso de reposición ante esta consellaría.

3. Así mesmo, cantos actos administrativos sexan producidos polos tribunais ou pola División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderán ser impugnados polos interesados de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Igualmente, a Administración poderá, se é o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais, conforme o previsto nas leis.

5. Os recursos contencioso-administrativos que se interpoñan contra esta convocatoria e sucesivos actos do proceso serán anunciados no *Diario Oficial de Galicia* para os efectos de citación aos posibles interesados.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2005.

José Manuel González Álvarez
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I

Bases

Primeira.-Normas xerais.

1. Convócanse, para a súa provisión, as prazas básicas vacantes de persoal estatutario do Servizo

Galego de Saúde da categoría de persoal técnico superior en psicoloxía que, para cada centro se especifican no anexo III desta orde.

As prazas que se convocan son as ofertadas para a fase de selección na Orde do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño) toda vez que non concorren as circunstancias previstas para a súa ampliación na base novena desta.

2. A fase de provisión rexerá polas presentes bases así como pola Lei 16/2001, do 21 de novembro.

Segunda.-Persoal que poderá participar voluntariamente na fase de provisión.

Poderá participar voluntariamente na fase de provisión o seguinte persoal estatutario fixo:

1. O persoal estatutario fixo da mesma categoría que se atope desempeñando ou teña praza reservada nas institucións sanitarias da Seguridade Social, sexan cales fosen as administracións públicas de que aquela dependa e sexa cal fose a data en que tomase posesión.

2. O persoal estatutario fixo en situación distinta á de activo e que non teña reserva de praza da mesma categoría, sempre que reúna os requisitos legais e regulamentarios para incorporarse ao servizo activo o último día do prazo de presentación de solicitudes para participar nesta fase, sen que lle sexa exixible ningún prazo de permanencia na mencionada situación.

3. O persoal funcionario de carreira ou laboral fixo que se atope desempeñando ou teña praza reservada nos centros de xestión de atención especializada do Servizo Galego de Saúde a que se refire o artigo 1 do Decreto 447/1996, do 26 de decembro, así como o persoal en situación de excedencia voluntaria nos devanditos centros, sempre que, neste último caso, non transcorrese o tempo máximo da excedencia previsto legalmente para cada caso.

A participación deste persoal na fase de provisión e a adjudicación de praza quedará condicionada á súa solicitude de integración e posterior resolución favorable da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no procedemento de integración voluntaria no réxime estatutario para o persoal funcionario e laboral dos hospitais dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado pola orde da Consellería de Sanidade do 21 de abril de 2005 (DOG nº 19, do 12 de maio).

Este persoal poderá participar na categoría homologable ou unha que se corresponda coas funcións que veña desempeñando, cando foran varias as categorías homologables, sempre que estean en posesión da titulación exixida pola lexislación vixente, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda da Orde do 26 de decembro de 1986 e na disposición adicional segunda do Decreto 447/1996, antes citado.

Terceira.-Persoal que deberá participar obrigatoriamente na fase de provisión.

Deberá participar obrigatoriamente na fase de provisión o seguinte persoal:

1. O persoal que, como consecuencia do proceso de consolidación de emprego, obtívase a situación de persoal estatutario en expectativa de destino. O persoal que se atope nesta situación e que non participe na fase de provisión decaerá nos seus dereitos, sen que se lle poida adjudicar ningunha praza, e perderá a súa situación de persoal estatutario en expectativa de destino.

Os que, como consecuencia da súa participación na fase de selección correspondente a máis dunha categoría ou, se é o caso, especialidade, accedesen á situación de expectativa de destino en máis dunha delas, unicamente poderán participar na fase de provisión nunha soa categoría ou especialidade.

2. O persoal que se atope en situación de reingreso provisional ao servizo activo no Servizo Galego de Saúde, deberá solicitar necesariamente, por orde de preferencia, todas as prazas convocadas da súa categoría, modalidade e área de saúde á que pertenza a praza que desempeña con carácter provisional. O reingresado provisional que non obteña praza definitiva na fase de provisión, tendo solicitadas todas as convocadas na súa categoría, modalidade e área de saúde, poderá optar por obter novo destino provisional nalgunha das prazas que resulten vacantes como consecuencia da resolución da fase de provisión ou pasar novamente á situación de excedencia voluntaria, sen prexuízo do establecido no punto 4 da base novena desta orde. O reingresado provisional que non participe nesta fase ou non obteña praza e non solicitase todas as da súa categoría, modalidade e área de saúde, será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria.

Cuarta.-Procedemento da fase de provisión.

1. A fase de provisión constará da realización e cualificación pola comisión delegada dunha entrevista regrada para avaliar os diferentes niveis de complexidade nos que poden prestar as súas funcións os participantes, na cal se valorará especialmente o grao de adecuación das aptitudes, experiencia e habilidades dos candidatos aos diferentes niveis de complexidade e especialización dos centros e da acreditación e valoración polo tribunal central dos méritos por servizos prestados, a actividade científica e investigadora desenvolvida, así como a impartición de docencia posgraduada conforme o baremo de méritos que figura como anexo II desta orde e referidos ao día de publicación desta no *Diario Oficial de Galicia*.

2. En aplicación dos reais decretos 895/1995, do 19 de maio e 543/2001, do 18 de maio, que desenvolven a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre

o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos estados membros da Unión Europea, o tribunal central e as comisións delegadas equiparán os méritos valorables que acrediten os aspirantes comunitarios ás puntuacións do baremo de méritos, con suxeición aos principios constitucionais de igualdade de acceso á función pública e non discriminación por razón de nacionalidade.

3. A entrevista, que terá unha duración máxima de vinte minutos e unha puntuación máxima de 30 puntos, realizarase nos lugares e nas datas que serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Os participantes serán chamados para a realización da entrevista seguindo a orde de chamamento establecida na base sétima a).7 da Orde do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), antes citada.

Os participantes na fase de provisión que non procedan da fase de selección que non se presenten á realización da entrevista para un dos centros solicitados, decaerán nos seus dereitos, sen que se lles poida adxudicar ningunha praza, e manteranse, se é o caso, na súa praza orixinaria e nas mesmas condicións, sen prexuízo do establecido no punto 2 da base terceira respecto dos reingresados provisionais.

Os participantes na fase de provisión procedentes da situación de expectativa de destino que non se presenten á realización da entrevista para un dos centros solicitados, decaerán nos seus dereitos, sen que se lles poida adxudicar ningunha praza, e perderán a súa situación de persoal estatutario en expectativa de destino.

Quinta.-Solicitudes.

1. Cada participante deberá cubrir unha única solicitude, axustándose necesariamente ao modelo que figura na páxina web da Consellaría de Sanidade e do Sergas (www.sergas.es), respectando estritamente a codificación que identifica a cada centro ou complexo hospitalario.

Ademais, como alternativa para facilitar e axilizar a formalización da solicitude de participación na fase de provisión, ponse á disposición de todos os interesados un formulario electrónico accesible a través da páxina web www.sergas.es/plece desde o que poderán xerar a correspondente petición, que deberán presentar, xunto co resto da documentación, segundo o establecido no punto 3 desta base.

Con independencia de que poidan solicitar máis dun centro ou complexo hospitalario, os participantes unicamente poderán concorrer á entrevista nun só deles. En caso de non se presentaren á realización desta, ou de concorreren á de distintos centros ou complexos hospitalarios, decaerán nos seus dereitos nos termos establecidos no punto 3 da base cuarta desta orde.

2. A solicitude de praza nun centro ou complexo hospitalario supón a petición da totalidade das prazas convocadas nel, así como as que queden vacantes no devandito centro como consecuencia da resolu-

ción da fase de provisión e, polo tanto, sexan susceptibles de seren adxudicadas en resultas.

3. As solicitudes, que deberán dirixirse á División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela), poderán ser presentadas nos centros que se relacionan a continuación ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, advertíndose que na folla ou follas, se é o caso, da solicitude de admisión á fase de provisión debe figurar o selo do rexistro, quedando os orixinais en poder da Administración e expedindo copia para os interesados:

a) Na da Consellaría de Sanidade.

b) Nas delegacións provinciais da Consellaría de Sanidade.

c) Nas direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde.

d) Nos servizos de persoal dos centros ou complexos hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.

e) Nos servizos de persoal das xerencias de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.

As solicitudes realizadas usando o formulario accesible a través da páxina web, tamén deberán entregarse segundo as indicacións anteriores.

4. O prazo de presentación da solicitude, en que deberá unirse necesariamente toda a documentación que se achegue, rematará o vindeiro día 30 de setembro.

5. Durante o prazo de presentación de solicitudes, os participantes poderán retirar ou modificar as súas solicitudes mediante a presentación dunha nova, que anulará totalmente a anterior. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá nin a modificación ou retirada da solicitude nin a presentación de novos documentos.

Sexta.-Documentación.

1. Todos os participantes, con carácter xeral, deberán presentar a seguinte documentación:

I) Fotocopia do documento nacional de identidade ou pasaporte.

II) Autobaremación dos méritos que o aspirante considera valorables de conformidade co baremo de méritos que figura no anexo II. En ningún caso esta autovaloración vinculará o tribunal, tendo un carácter meramente orientativo.

Para reflectir esta, utilizarase o modelo que figura como anexo V nesta orde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

III) Documentación orixinal ou fotocopias compulsadas dos méritos alegados.

Deberá presentarse copia traducida por tradutor xurado daqueles títulos ou certificacións que estean

redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida por tradutor xurado.

Polo que se refire aos traballos publicados en revistas, tan só será necesario presentar fotocopia compulsada das follas nas que conste o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

En relación cos capítulos de libros, será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas nas que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, o depósito legal do libro e/ou o ISBN e a data de publicación.

Por último, en relación cos libros será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas nas que conste o título do libro, o sumario ou índice deste, o seu autor, o seu depósito legal e/ou o ISBN e a data de publicación.

2. O persoal con nomeamento estatutario fixo na categoría, deberá xuntar, ademais, copia compulsada do seu último nomeamento en propiedade.

3. O persoal en situación de excedencia presentará, ademais, copia compulsada da resolución na que se lle concedeu.

4. O persoal en reingreso provisional presentará, ademais, copia compulsada da resolución pola cal se lle autorizou o reingreso.

Sétima.-Listaxe de admitidos.

1. Rematado o prazo de presentación de instancias, a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da exposición das listaxes provisionais de admitidos e excluídos á entrevista por centro ou complexo hospitalario, co motivo da súa exclusión.

Contra ela, os participantes excluídos disporán dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación para poderen corrixir, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

2. Á vista das peticións de reparación presentadas, a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* as listaxes definitivas de admitidos e excluídos á entrevista por centro ou complexo hospitalario, así como o lugar, a data e a hora de realización da entrevista. Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas peticións de reparación entenderanse implícitas na citada publicación.

Oitava.-Comisións delegadas.

A comisión delegada de cada centro ou complexo hospitalario, cuxa composición figura no anexo VI desta orde, será a encargada de realizar e valorar as entrevistas e de lle elevar ao tribunal central a proposta de puntuacións atribuídas a estas.

Para tal fin, na sesión constitutiva deberá acordar os criterios para a realización das entrevistas e a súa valoración e elevarlos á División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde para os efectos da súa difusión na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Novena.-Resolución da fase de provisión.

1. Rematadas as entrevistas e realizada polo tribunal central a valoración dos méritos acreditados polos participantes, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da exposición da listaxe provisional coas puntuacións obtidas por cada un deles e cos destinos provisionais adxudicados.

Contra esta, os participantes disporán dun prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do citado anuncio, para formularen reclamacións contra a listaxe provisional.

2. Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, se é o caso, as correccións oportunas, a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución definitiva de asignación de destinos por centro. Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas reclamacións entenderanse implícitas nesta resolución.

3. Os destinos adxudicados definitivamente na fase de provisión serán irrenunciabes agás que a dita renuncia estea motivada pola obtención de praza en virtude da resolución dun procedemento de mobilidade voluntaria convocado por outra Administración pública.

4. Coas prazas non adxudicadas ou que resulten vacantes como consecuencia da fase de provisión, iníciase de novo o procedemento de provisión. Para iso, na resolución definitiva de asignación de destinos relacionaranse as devanditas prazas por centro ou complexo hospitalario, establecéndose o prazo, a forma e o lugar de presentación de solicitudes e sinalárase o lugar, a data e a hora de realización da segunda entrevista.

Neste segundo proceso de asignación deberá participar obrigatoriamente o persoal relacionado no punto 1 da base terceira desta orde, sempre que non obtivesen destino definitivo no primeiro proceso de asignación de prazas.

O persoal que se atope en situación de reingreso provisional ao servizo activo no Servizo Galego de Saúde e que, participando no primeiro proceso de asignación de prazas e solicitando todas as da súa categoría, modalidade e área de saúde, non obtivese destino definitivo nela, deberá participar obrigatoriamente neste segundo proceso de asignación sempre que se oferten prazas da súa categoría, modalidade e área de saúde. O reingresado provisional que non participe neste segundo proceso de asignación de prazas ou non obteña praza e non solicitase todas as da súa categoría, modalidade e área de saúde, será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria.

5. En caso de empate na puntuación total obtida na fase de provisión en ambos os dous procesos de asignación de prazas, resolverase a prol do participante que acredite o maior tempo total de servizos prestados nas institucións sanitarias da Seguridade Social dos servizos de saúde. De persistir o empate, resolverase a prol da mellor puntuación obtida nos puntos 2.1 e 2.2 do baremo que figura como anexo II e pola súa orde.

Décima.-Peche da fase de provisión.

Se como consecuencia da provisión establecida no punto 4 da base anterior aínda existisen prazas non adxudicadas ou vacantes, estas cubriranse de forma centralizada en función da puntuación obtida nos puntos 2 e 3 do baremo que figura como anexo II e pola súa orde. Para iso o tribunal, na resolución definitiva da asignación de destinos do segundo proceso de asignación de prazas, convocará en chamamento único os participantes que non resultaron adxudicatarios de praza neste para que, atendendo á súa puntuación, elixan os destinos sobrantes.

Quedarán excluídos desta asignación de prazas os que non participasen no segundo proceso de asignación da fase de provisión establecida no punto 4 da base anterior.

Décimo primeira.-Nomeamentos.

Mediante resolución da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, o persoal en situación de expectativa de destino que obtivera praza na fase de provisión será nomeado persoal estatutario fixo. Aqueles que, estando nesta situación, non obtiveran praza, e participasen integramente na fase de provisión e no seu peche, serán nomeados persoal estatutario fixo en situación de excedencia voluntaria, sen que se lles exixa o período mínimo dun ano para solicitar o reingreso.

Décimo segunda.-Asignación de prazas.

Mediante resolución da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación definitiva do total dos adxudicatarios, con expresión concreta da praza adxudicada. Esta resolución abrirá o prazo de toma de posesión.

Décimo terceira.-Toma de posesión.

1. Os adxudicatarios procedentes da fase de selección disporán dun prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución a que se refire a base anterior, para efectuaren a toma de posesión. De non se producir a toma de posesión no prazo indicado sen causa xustificada, quedará sen efecto o nomeamento como persoal estatutario fixo da respectiva categoría e perderán os dereitos derivados da súa participación no proceso de consolidación de emprego.

Este mesmo prazo aplicarase no caso de que a adxudicación de praza supoña o reingreso ó servizo activo. En ambos os dous casos, este período non será retribuído.

2. Cando o adxudicatario sexa persoal estatutario con praza en propiedade na mesma categoría e non proceda da fase de selección, deberá cesar na que, se é o caso, desempeñe, dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución a que se refire a base anterior. Non obstante, o xerente da institución, por necesidades do servizo, poderá ampliar este prazo até dez días.

A toma de posesión na nova praza deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se as prazas son da mesma localidade; no prazo de quince días hábiles, se son de distinta localidade pero da mesma área de saúde; ou no dun mes, se pertencen a distinta localidade e área de saúde. Non disporán de ningún dos prazos posesorios sinalados aqueles adxudicatarios de praza que xa viñesen ocupando praza no mesmo centro, en virtude de comisión de servizos ou reingreso provisional.

O prazo de toma de posesión e, se é o caso, a prórroga deste, terá a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes conforme as normas establecidas na orde anual pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas de persoal ao servizo da Administración autonómica.

Cando o adxudicatario non tome posesión da praza adxudicada no prazo indicado sen causa xustificada, perderá todos os dereitos derivados da súa participación nesta convocatoria. Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular como persoal estatutario e será declarado na devandita situación quen non se incorpore ao destino obtido dentro dos prazos establecidos ou das súas prórrogas que legal o regulamentariamente procedan. Non obstante, se existen causas suficientemente xustificadas así apreciadas pola División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde logo da audiencia do interesado, poderá deixarse sen efecto a devandita situación. En tal caso o interesado deberá incorporarse ao seu destino tan pronto desaparezan as causas que no seu momento o impediron.

3. A toma de posesión da praza adxudicada levará aparelado o cesamento do persoal estatutario temporal que, se é o caso, corresponda, aplicándose os criterios de cesamento do Servizo Galego de Saúde.

Décimo cuarta.-Simultaneidade das entrevistas.

De acordo co establecido na disposición adicional décimo sexta da Lei 16/2001, do 21 de novembro, introducida polo artigo 55 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (BOE nº 313, do 31 de decembro), téndose constatado durante o desenvolvemento e a execución da convocatoria do proceso extraordinario de consolidación de emprego, circunstancias de índole técnica que dificultan a realización das entrevistas que integran a fase de provisión de xeito simultáneo en cada centro ou complexo hospitalario dependente do Servizo Galego de Saúde, queda suprimido o dito requisito exixido no punto 2 da

base décimo segunda da Orde do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño).

ANEXO II

Baremo e méritos da fase de provisión

1. Entrevista:

A valoración da entrevista cualificarase cun máximo de 30 puntos.

2. Experiencia profesional:

Valorarase a experiencia profesional nas correspondentes institucións sanitarias da Seguridade Social como persoal estatutario con nomeamento fixo ou temporal. Para estes efectos os servizos prestados con contrato laboral, con carácter fixo ou temporal, nas categorías de persoal reguladas no Estatuto xurídico de persoal médico, persoal sanitario non facultativo e persoal non sanitario ao servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social, terán a consideración de efectuados como persoal estatutario fixo ou temporal na respectiva categoría.

2.1. Por servizos prestados, calquera que fose o momento, nas institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde:

a) Na mesma categoría profesional e, se é o caso, especialidade a que se concursa: 0,6 puntos por mes traballado.

b) En distinta categoría profesional e, se é o caso, especialidade a que se concursa: 0,3 puntos por mes traballado.

2.2. Polos servizos prestados, calquera que fose o momento, nas institucións sanitarias da Seguridade Social dependentes doutros servizos de saúde:

a) Na mesma categoría profesional e, se é o caso, especialidade a que se concursa: 0,2 puntos por mes traballado.

b) En distinta categoría profesional e, se é o caso, especialidade a que se concursa: 0,1 puntos por mes traballado.

O cómputo máximo de antigüidade por servizos prestados será de cincuenta e cinco puntos.

Para os efectos do cómputo dos servizos prestados establecidos no número 2 deste baremo, referido a experiencia profesional, ao persoal de reforzos de atención primaria e ao facultativo de atención especializada con nomeamento específico para a realización de atención continuada (gardas médicas), reconeceráselle un mes completo de servizos prestados que se calculará conforme as seguintes regras:

a) Un mes, ou a parte que corresponda proporcionalmente, por cada cento noventa horas ou fracción, realizadas.

b) Se dentro dun mes natural se realizasen máis de cento noventa horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado durante aquel poida ser aplicado

para o cómputo de servizos prestados establecidos na anterior regra a).

3. Outros méritos:

a) 1. Por tese de doutoramento: 3 puntos.

2. Por tese de doutoramento *cum laude*: 1 punto adicional.

3. Por traballos científicos e de investigación directamente relacionados coa categoría e especialidade de que se trate, apreciados libremente polo tribunal, até un máximo de 10 puntos, conforme os seguintes criterios e táboa de valoración:

Publicación revista: difusión nacional: 0,25/difusión internacional: 0,50.

Capítulo de libro: difusión nacional: 0,30/difusión internacional: 0,60.

Libro completo: difusión nacional: 1,00/difusión internacional: 2,00.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

En todo caso, por esta epígrafe a) non se poderá obter unha puntuación superior a 10 puntos.

b) Por impartir docencia posgraduada na especialidade a que se concursa en centros acreditados para a docencia: 0,5 puntos por cada ano, ata un máximo de 5 puntos.

ANEXO III

Relación de prazas básicas que se ofertan

COD. PRAZA	CENTRO	MUNICIPIO	QUENDA	PAZAS
1501	C.H. UNIVERSITARIO JUAN CANALEJO	CORUÑA (A)	-	7
1505	C.H. A.MARCIDE-NOVOA SANTOS	FERROL	-	6
1571	C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	-	12
2701	C.H. XERAL-CALDE	LUGO	-	7
2706	H.C. DA COSTA-BURELA	BURELA	-	1
2707	H.C. DE MONFORTE DE LEMOS	MONFORTE DE LEMOS	-	2
3201	C.H. DE OURENSE	OURENSE	-	4
3204	H.C. DE VALDEORRAS	BARCO DE VALDEORRAS (O)	-	1
3601	C.H.UNIVERSITARIO DE VIGO	VIGO	-	5
3603	C.H. DE PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	-	4

ANEXO IV

Centros nos que poden existir prazas a resultas

Código	Centro
1501	C.H. Universitario Juan Canalejo
1505	C.H. A. Marcide-Novoa Santos
1571	C.H. Universitario de Santiago
2701	C.H. Xeral-Calde
2706	H.C. da Costa-Burela
2707	H.C. de Monforte
3201	C.H. de Ourense
3204	H.C. de Valdeorras
3601	C.H. Universitario de Vigo
3603	C.H. de Pontevedra

Autobaremación de méritos da fase de provisión

Categoría/especialidade:

Nome e apelidos:

DNI:

1. Experiencia profesional (máximo 55 puntos)	Meses	Puntuación
1.1. En institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde.		
a) Na mesma categoría profesional e, se é o caso, especialidade a que se concursa: 0,6 puntos/mes.		
b) En distinta categoría profesional e, se é o caso, especialidade a que se concursa: 0,3 puntos/mes.		
1.2. En institucións sanitarias dependentes doutros servizos de saúde.	Meses	Puntuación
a) Na mesma categoría profesional e, se é o caso, especialidade a que se concursa: 0,2 puntos/mes.		
c) En distinta categoría profesional e, se é o caso, especialidade a que se concursa: 0,1 puntos/mes.		

NOTA:

Para o cómputo dos servizos prestados, referido a experiencia profesional, ao persoal de reforzo en atención primaria e ao facultativo de atención especializada con nomeamento específico para a realización de atención continuada (gardas médicas), reconeceráselle un mes completo de servizos prestados, que se calculará conforme as seguintes regras:

a) Un mes, ou a parte que corresponda proporcionalmente, por cada 190 horas ou fracción realizadas.

b) Se dentro do mes natural se realizasen máis de 190 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado durante aquel poida ser aplicado para o cómputo dos servizos prestados establecidos na anterior regra a).

Cómputo dos servizos prestados en réxime laboral: os servizos prestados con contrato laboral, con carácter fixo ou temporal, nas categorías de persoal reguladas no Estatuto xurídico de persoal médico, de persoal sanitario non facultativo e de persoal non sanitario ao servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social, terán a consideración de efectuados como persoal estatutario fixo ou temporal na respectiva categoría.

Servizos prestados por persoal de asistencia pública domiciliaria: os servizos prestados á Seguridade Social, no ámbito da atención primaria, polo persoal de asistencia pública domiciliaria, equivalerán para os efectos dos baremos previstos na Lei 16/2001, do 21 de novembro, tanto na fase de selección como na de provisión, aos prestados nas categorías que lles correspondan.

2. Outros méritos:	Puntuación	
a) Tese de doutoramento e traballos científicos: (máximo 10 puntos)		
a) 1. Tese de doutoramento: 3 puntos.		
a) 2. Tese de doutoramento <i>cum laude</i> : 1 punto adicional.		
a) 3. Traballos científicos e de investigación relacionados coa categoría e especialidade, apreciados libremente polo tribunal: -Non se valorarán máis de 3 capítulos dun mesmo libro.	Número	Puntuación
Difusión nacional	Publicación revista (0,25 puntos)	
	Capítulo libro (0,30 puntos)	
	Libro completo (1 punto)	
Difusión internacional	Publicación revista (0,50 puntos)	
	Capítulo libro (0,60 puntos)	
	Libro completo (2 puntos)	
b) Docencia posgraduada (máximo 5 puntos)	Anos	Puntuación
Na mesma especialidade a que se concursa en centros acreditados para a docencia: 0,5 puntos por cada ano.		

Méritos da fase de provisión.

Experiencia profesional:

Outros méritos:

Total

ANEXO VI

Comisión delegada común para todos os centros
Membros titulares:

Presidente: José Ramón Gómez Fernández.

Secretaria: Cristina Blanco Aragón.

Vogais: José María Alonso Ramos.

Jesús Morán Iglesias.

En representación das organizacións sindicais:
Roberto Varela Conde.

Membros suplentes:

Presidenta: Gloria Sánchez Sostre.

Secretario: Javier García Caeiro.

Vogais: Teresa Conde Cid.

Jaime Fraga Ares.

En representación das organizacións sindicais:
Gloria Reboreda Morillo.

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edicto (296/2004).

En Santiago de Compostela, vinte e sete de xuño
de dous mil cinco.

Neste xulgado séguense autos de xuízo declarativo verbal 296/2004 seguidos entre José Antonio Pazos Mayo, con domicilio na rúa Carlos Gangoiti nº 6, 2º D, Guernica, Biscaia, como demandante, representado pola procuradora Josefina Álvarez Candeira e asistido polo letrado José María Rodríguez Ballvé e como demandados Isabel Nieto Carnero, con domicilio na avenida Quiroga Palacios nº 1-3, 4º A Santiago de Compostela e Anass Ben Sellan Bounouar, con último domicilio coñecido na rúa Alcalde Lorenzo nº 9, 1º B de Bertamiráns, Ames, ambos como demandados e en situación procesual de rebeldía, versando os presentes autos sobre desafiuzamento e reclamación de rendas, nos que con data 9 de xuño de 2005 se ditou sentenza co seguinte teor literal:

«Que estimando integramente a demanda interposta pola procuradora Josefina Álvarez Candeira, actuando en nome e representación de José Antonio Pazos Mayo, contra Isabel Nieto Carnero e Anass Ben Sellan Bounouar, debo declarar e declaro que procede a resolución do contrato de arrendamento pactado entre as partes en data 5 de decembro de 2003 e en consecuencia o desafiuzamento da vivenda sita na rúa Alcalde Lorenzo nº 9, 1º B de Bertamiráns, (Ames) apercibindo os demandados de que se non desaloxan a vivenda voluntariamente se procederá ao seu lanzamento.

Así mesmo debo condenar e condeno a Isabel Nieto Carnero e Anass Ben Sellan Bounouar a aboar de forma solidaria a José Antonio Pazos Mayo a cantidade de mil novecentos setenta e catro euros (1.974 euros) máis a rendas que se devenguen ata a súa posta á disposición de José Antonio Pazos Mayo da vivenda arrendada, e tamén ao aboamento dos xuros legais correspondentes contando desde a data de interposición da demanda, 21 de xullo de 2004, ata o ditado desta sentenza, así como ao aboamento dos xuros legais correspondentes incrementados en dous puntos desde a data desta sentenza e ata o completo pagamento, con imposición igualmente das custas causadas neste procedemento aos demandados, co mesmo carácter solidario.

Esta sentenza non é firme, e contra ela pódese interpor recurso de apelación perante a audiencia provincial, mediante escrito presentado neste mesmo xulgado, no prazo de cinco días contados a partir do seguinte á súa notificación, por escrito, con sinatura de letrado e procurador, na forma prevista nos artigos 457 e seguintes da LAC».

E para que sirva de notificación en legal forma ao demandado Anass Ben Sellan Bounouar, en paradiro descoñecido, expido e asino este edicto en Santiago de Compostela o vinte e sete de xuño de dous mil cinco.

O secretario xudicial
Rubricado

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Resolución do 29 de abril de 2005, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, pola que se fan públicas as razóns que xustifican a utilización do procedemento de contratación directa no aluguer dun local situado en Carballo (A Coruña), para instalar dependencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 22.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma e 55 do seu regulamento, e á vista das competencias que teño atribuídas conforme o Decreto 115/2004, do 3 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda,

RESOLVO:

Facer público que, por razón da urxencia e da necesidade do servizo que hai que satisfacer, xus-